

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

“III Jornadas Galegas do Ensino Musical”

12, 13 e 14 de setembro de 2011

Nome e Apellidos: _____
NIF: _____
Enderezo: _____
CP: _____ Poboación: _____
Provincia: _____
Teléfono: _____
e-mail: _____
Centro de trabajo: _____

Perfil do asistente:

- Profesor de Secundaria
- Estudiante (especificar)
- Outro (especificar)

Situación administrativa:

- Funcionario
- Trabajador no ensino privado/concertado
- Interino

Socio de Asomúsica:

- Si
- Non

* Esta actividade está en trámites de recoñecemento e homologación pola Consellería de Educación.

* Expediranse certificados de asistencia.

* As persoas interesadas en participar na cea que terá lugar a continuación da mesa redonda, deberán notificalo canto antes para confirmar a súa reserva e abona-lo prezo da mesma (20€).

INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA

Número de prazas: 100

Prezo de matrícula:

- Socios de Asomúsica: Gratuita (para asociarse www.asomusica.com)

- Non socios: 40 €

a) Facer o ingreso da matrícula ou da cota de socio na conta:

2091 0501 67 3040034611 Caixa Galicia

b) Realizar a inscrición antes do día 4 de novembro e enviar copia do recibo bancario así como do formulario de inscrición a secretaria@asomusica.com ou ben a ASOMÚSICA, R/ EIduayen nº32, 3º, Vigo C.P. 36202 .

Organiza:


Asociación de Profesores de Música de Secundaria e Bacharelato de Galicia (ASOMÚSICA)



*Asociación de Profesores
de Música de Secundaria
e Bacharelato*

Colaboran:

- Escola Municipal de Música de Santiago.



Asociación de profesores de música
Asociación de profesores de música
de secundaria e bacharelato
de Santiago de Compostela e Pontevedra
de Galicia

III Jornadas Galegas do Ensino Musical



*Santiago de Compostela
4, 5 e 12 de novembro de 2011*

III Xornadas Galegas do Ensino Musical

A Asociación do Profesorado de Música de Secundaria de Galicia (ASOMUSICA), no seu afán de cohesionar e establecer canles de comunicación entre os profesionais do ensino musical, así como entre as persoas interesadas no estado, a investigación e a práctica do ensino da música, organiza as III Xornadas Galegas de Ensino Musical.

Estas xornadas teñen como fins establecer a comunicación fluída entre os diversos corpos do ensino musical, promover o intercambio de ideas e estratexias na didáctica da música, e reflexionar sobre esta como elemento esencial en tódolos niveis do currículo e na sociedade no seu conxunto.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Escola Municipal de Música de Santiago.

Enderezo: Rúa de Betanzos, 55. A Almaciga (Consultar o mapa na web de Asomúsica)

A QUEN VAN DIRIXIDAS?

Os destinatarios desta actividade son os profesores de Música de Secundaria e Bacharelato de Galicia, ben traballan no ensino público, privado ou concertado, así como aqueles profesionais da docencia da Música que teñan interese polo estado do ensino musical en xeral.

PROGRAMA

Venres, 4 de novembro (tarde)

16:30 h. Presentación das III Xornadas de Ensino Musical.

16:45 – 18:00 h. Relatorio: “Oportunidades didácticas verbo do cantigueiro galego reunido por Casto Sampedro Folgar”. Xavier Groba González.

18:00 - 18:30 h. Descanso

18:30 - 21:00 h. Mesa redonda *Que ensinamos en Música? Debate sobre os contidos e a continuidade dos currículos.* Luís Costa, Susa Herrera, Beatriz Alonso, Benito Buidé. Moderadora: Irene Caeiro.

Sábado, 5 de novembro (mañá)

09:45 – 10:45 – Relatorio *As asignaturas de Música do Bacharelato de Artes: unha análise entrando en materia*

10:45 – 11:45 – Relatorio *“O proxecto COMBAS. Cara unha integración do uso das competencias básicas na aula”.* Beatriz Alonso Pérez-Ávila

11:45 - 12:15 h. Descanso

12:15 – 14:15 – Obradoiros (I). David Barros Alfaro e Santiago Cañás Couselo

Sábado, 5 de novembro (tarde)

16:15 – 18:15 h. Obradoiros (I). David Barros Alfaro e Santiago Cañás Couselo.

18:15 - 18:30 h. Descanso

18:30 – 20:30 h. Obradoiros (II). David Barros Alfaro e Santiago Cañás Couselo.

Sábado, 12 de novembro (mañá)

10:00 – 12:00 h. Obradoiro *Microfonos Low-cost na aula.* Juan-Gil López Rodríguez.

12:00 - 12:15 h. Descanso

12:15 – 14:15 h. Obradoiros (II). David Barros Alfaro e Santiago Cañás Couselo.

Sábado, 12 de novembro (tarde)

16:15 – 18:15 h. Obradoiros (II). David Barros Alfaro e Santiago Cañás Couselo.

18:15 - 18:30 h. Descanso

18:30 – 20:30 h. Obradoiros (II). David Barros Alfaro e Santiago Cañás Couselo.

20:30 – Clausura das III Xornadas de Ensino Musical

Nota: Os obradoiros serán impartidos simultaneamente en días quendas cada un, para favorecer o traballo con grupos de número manexable.

OBRADOIRO DE GRAVACIÓN DIXITAL CON MIXCRAFT

DAVID BARROS ALFARO

O curso consistirá na aproximación á gravación, edición e produción de arquivos de audio mediante o asequible programa *Mixcraft*. Unha vez explicados os principais conceptos da gravación dixital, introduciremos o manexo deste sinxelo programa, para proceder finalmente á realización individual de diferentes proxectos, como gravacións con instrumentos de aula, *podcasts*, ou bandas sonoras para vídeos. Prégase ós asistentes que leven os seus propios ordenadores portátiles, nos cales instalaremos a versión demo do programa (que se pode descargar dende <http://www.acoustica.com/mixcraft/download.htm>). Utilizaremos como elementos periféricos tarxetas de son, microfónos e instrumentos electrónicos, que serán proporcionados durante o propio obradoiro.

David Barros é titulado Superior de Linguaxe Musical polo Conservatorio de Vigo, e é profesor no IES Ribeira do Louro. Nos últimos anos leva traballado a gravación dixital cos seus alumnos e realizando diversos proxectos neste campo.

OBRADOIRO DE ARRANXOS DE MÚSICA MODERNA

SANTIAGO CAÑÁS COUSELO

O curso basearase nunha breve exposición acerca das posibilidades do uso da música popular moderna na aula, como vehículo de contacto entre a formación académica e a realidade musical cotiá dos adolescentes. Partiremos dunha descrición da linguaxe e da súa notación, da harmonía no pop, a harmonía modal, e as progresións máis frecuentes. Identificaremos as dificultades no repertorio a adaptar, examinando os diferentes temas e a súa idoneidade: sincopas e contrastes, transporte e rexistros dos instrumentos escolares, reparto dos tempos, acompañamento de percusión. Por último, aprenderemos a levar os arranxos a unha partitura clara e útil para a aula mediante o programa gratuito *Muse score*.

Santiago Cañás é titulado Superior de Guitarras polo Conservatorio da Coruña, Arquitecto pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, e é profesor no IES Alfonso X “O sabio”. Está interesado pola guitarra acústica experimental e toca coa banda residente da sala MardiGras da Coruña.